

**ASUNTO: DENEGAR EXENCION TAXA PROCESO SELECTIVO TRES AXENTES POLICIA LOCAL ( SEGUNDA CONVOCATORIA)**

En relación co escrito presentado por UNION SINDICAL OBRERA (USO) , con data 17/03/2021, solicitando a este concello, que decrete a exención do pagamento das taxas para tódalas inscritas e inscritos admitidos no proceso selectivo anterior que pola concorrència coas probas selectivas da AGASP, non puideron facer efectivo o seu dereito de acceso ó corpo da policía local.”

Visto o informe da Tesoureira municipal de data 25/03/2021 do seguinte tenor literal:

*“ANTECEDENTES: Na data de 17.03.2021 (RE 3941) a FEDERACIÓN DE ATENCIÓN A CIDADANIA DA UNION SINDICAL OBREIRA- FC USO solicita que se decrete a exención do pago das taxas a tódolos inscritos na nova convocatoria do proceso selectivo de 3 axentes da policía local, publicado no BOP da provincia de Lugo do día 11.03.2021.*

*Considera a FEDERACIÓN DE ATENCIÓN A CIDADANIA DA UNION SINDICAL OBREIRA- FC USO que se fai xustiza na nova oportunidade para as opositoras e opositores que quedaron fora do anterior proceso polo coincidencia de datas co proceso da Academia Galega de Seguridade Pública.*

*Creen necesario a declaración de exención de taxas a todos aqueles afectados que no anterior proceso, a pesar de ter pagados os seus dereitos de exame, impedíuselles presentarse con liberdade, tendo que escoller entre dous procesos selectivos de idéntica natureza. Situación que poderíase ter evitado se o consorcio municipal tivese atendido as peticións de modificación da data.*

*FUNDAMENTOS XURÍDICOS: Vista a Ordenanza fiscal número 2.12 reguladora das taxas para o estudio, análise e expedición de documentos que regula entre outras os dereitos de exame no seu artigo 4. Non contempla a devandita ordenanza fiscal ningún suposto de exención.*

*O artigo 2 regulador do feito impositivo dispón que constitúe o feito impositivo da Taxa, a actividade administrativa desenvolvida para a tramitación, a instancia de parte, de toda clase de documentos que expida o de expedientes dos que entenda a Administración ou as autoridades municipais. Para estes efectos, entenderase a instancia de parte calquera documentación administrativa que fora provocada polo particular ou o beneficiario aínda que este non o solicitara.*

*De acordo co artigo 8 d) da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Lei xeral tributaria, regularanse en todo caso por lei o establecemento, modificación, supresión e prórroga das exencións, reducións, bonificacións, deducións e demais beneficios ou incentivos fiscais.*

*Así mesmo o artigo 9 do Real decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se regula o Texto Refundido da lei reguladora das facendas locais establece que non poderán recoñecerse outros beneficios fiscais nos tributos locais que os expresamente previstos nas normas con rango de lei ou os derivados da aplicación dos tratados internacionais.*

*Vistos os datos anteriores conclúese que o anterior proceso selectivo de 3 axentes da policía local e o novo proceso convocado, constitúen dous procesos distintos que determinan a súa vez que os participantes realicen un novo feito impositivo, sen que este Concello poida declarar a exención do novo proceso selectivo, posto que tal como establecen o artigo 8 d) da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Lei xeral tributaria o artigo 9. Real decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se regula o Texto Refundido da lei reguladora das facendas locais o principio de reserva de lei inclúe o ámbito das exencións tributarias non podendo aplicar o Concello exencións non previstas na normativa que lle é de aplicación polo que INFÓRMASE que:*

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E50006EAC000I5J3D8B1S4V8 en la Sede Electrónica de la Entidad	<b>FIRMANTE - FECHA</b>	DECRETO: 2021000386
	JOSE TOME ROCA-Alcalde-Presidente - 29/03/2021 JOSE ANTONIO MOURELLE GILLERO-Secretario - 29/03/2021 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/03/2021 12:39:27	Fecha: 29/03/2021 Hora: 12:39 Persona 76561868C





*NON PROCEDE DECLARAR A EXENCIÓN de pagamento da Taxa polo concepto "Dereitos de Exame" para tódolas/os inscritas/os admitidos/as no anterior proceso selectivo."*

Por todo o exposto, con base no citado informe da tesoureira municipal, e en virtude das atribucións que me confire o art. 21 apartado a da Lei 7/1985, de 2 de abril, das bases do réxime local e o art. 61 da lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia,

DISPOÑO:

Denegar a solicitude de exención de taxa presentada por UNION SINDICAL OBRERA (USO) en base ás consideracións xurídicas contidas no informe de tesourería referenciado "ut supra."

MONFORTE DE LEMOS, data da sinatura do Sr. Alcalde  
Ordena e asina o Sr. Alcalde  
Certifica e asina o Sr. Secretario

CSV: 07E50006EAC100W8I0C03M3NEZ6



DOCUMENTO  
FIRMADO  
DIGITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E50006EAC000I5J3D8B1S4V8 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JOSE TOME ROCA-Alcalde-Presidente - 29/03/2021  
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 29/03/2021  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/03/2021 12:39:27

DECRETO: 2021000386  
Fecha: 29/03/2021  
Hora: 12:39  
Persona 76561868C

